

CORAZÓN EN HOMENAXE

“Vivo na disidencia dos que aceptan o mundo: amantes desas tardes de domingo, insufribles, as mans que son un préstamo na vida, esa curva carnal crebada nun orgasmo, noites de maquinar, a pólvora tan leda nas esperas, as roupas do futuro nos armarios máis fondos. E aquel sentado á mesa, descoñecido sempre...”. Eis a esencia profunda que se esconde tras dos versos de *Campo segado*, un poemario onde Manuel Álvarez Torneiro sae á descuberta das verdades existenciais para facer deste labor o eixo fulcral dos poemas. O volume, galardonado co premio Miguel González Garcés na convocatoria de 2000 (que este mesmo autor xa acadara en 1992 con *As voces consagradas*), vehicúlase nunha forma inusitada na obra de Álvarez Torneiro por canto, nesta ocasión, opta pola prosa poética ó ofrecerlle unha maior densidade, acaída á temática trascendente que domina no poemario e que foxe do dinamismo propio dun verso máis curto. Porén, búscase a significación plena dos termos, acumulándose estes para pulsar todos os aspectos relacionados co tema principal xa que é característica común no verso deste poeta a busca total dos matices, das sensacións, procurando recrear a memoria en todo o seu esplendor e co máximo de detalles.

Resulta así que Álvarez Torneiro constrúe un poemario complexo dentro da súa, xa inherente, tendencia a crear escenarios vitais onde o ser humano posúe o máximo poder creativo gracias ó dominio que exerce sobre o seu entorno sendo quen de marcar as pautas do mundo que o rodea. Mais sempre existe unha forza que se impón sobre o propio ser convertíndoo nun ente vulnerable e, deste xeito, no actual poemario, para alén da perda constante dos anos vitais, revélasenos o carácter renarte da memoria coas súas trampas, vinculada estreitamente a un tempo que foxe e se dilata nos momentos do recordo. Así, o eu poético é un neno *“que miraba as aves sobre o río, e máis alá das aves e do río, e máis alá da tarde interpretada. Máis alá do azul último. E máis alá da liña mineral do horizonte”*, de xeito que se acaba superpondo a el o home que hoxe xa é. Mais esta persoa actual débátese nunha existencia problemática dominada polo peso desmesurado das dúbidas existenciais e así entende que *“hai un home indíxible na tristeza”* e que esta, a tristeza, é unha forza demoledora ou un *“finísimo inimigo por debaixo da chuvia”*.

Campo segado confórmase entón como un volume que dá voz á análise íntima dos feitos relevantes da vida, da problemática propia dunha humanidade que amosa a súa radical forza para sobrevivir nas circunstancias máis adversas. Sen embargo, o eu poético non só se estanca nas súas ansias de vivir senón que se trascende nas rotunda e comprometida vinculación con todos os seres que nos rodean.

Principalmente cos dominados -por tanto, os nenos famentos, os pobres de pedir, os maltratados e perseguidos-, pero tamén cos dominadores: *“Sei dos malditos, dos inesquecibles. Pasan á miña beira en aura escura, en memorándum negro. Semellan vellos deuses dos dominios do humano, perfís definitivos dunha antiga soberbia. Xa non delatan en papel de barba, xa non sentencian todopoderosos (...) Tratan de convencer ó espello de que son humanos”*. Pois incluso estes fican vencidos polo poder inmenso do tempo que devén en forza implacable capaz de medir a todos por un mesmo raseiro. E resulta ser o tempo o que iguala consciencias e pasados pero tamén outorga a beizón dun futuro aberto que cada ser vai enchendo coas realidades máispreciadas e onde se preserva o recordo dos momentos plenos. Nesta dimensión existen as tardes de agosto “excesivas” co aire como “*un argumento azul*” que sabe a gloria inmensa; o amor desbordado que se fai culmen para todos os camiños; a casa durmida na calma e no sopor do estío cos nenos comezando a vivir con ánsia... Estes dons conviven coa faciana máis cruel do tempo, a que implica o lamento polos días perdidos, as amargas horas da submisión e a caída fuxindo cara a un lugar sen retorno posible. Mais, contra todo, resistindo os embates do tempo e do medo, érguense as palabras como “*unha sacralizada afirmación*” da vontade de vivir, de ampararse na liberdade suprema que estas ofrecen a través da súa constante presenza e eterna vida. A través das palabras “*faciamos reconto da esperanza*” cando se vivía un tempo de negación absoluta e, con elas, armouse a casa e a memoria.

A viaxe instrospectiva remata dunha maneira desolada pois o eu poético non atopa bálsamos nin alivio para tantas laceracións e, por iso, exclama convencido que *“Non, non espero o trevo da alegría, eses ollos grandísimos cos que a paz mira ós xustos, a man que reconforta cunha orixe de láudano. Vivir foi derramarse, rendirse ó froito, atravesar desertos, ter unha patria breve, portuaria, un barro nobiliario, as riquezas da tribo e a dúbida tan firme na certeza”*, á fin vivir non foi máis que ofrecer o corazón en homenaxe.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 52, setembro 2001, p. 72.